



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Tercera Sede Liga Galega Freestyle 2025

Convocatoria Tercera Sede Liga Galega Freestyle

Organizada en colaboración co club anfitrión Meigas Rodas, celebrarase a Tercera Sede da Liga Galega de Freestyle desta tempada 2025, nas divisións Sub 15 mixta e Absoluta mixta, e nas probas de Roller Cross, Speed por Equipos e Salto.

1 LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

Polideportivo A Carballeira “Secundino Basalo”, Rúa Hórreo, 13, 32002, Ourense, o día **25 de outubro de 2025**, na pista do pavillón mencionado, sendo o chan de **cemento pulido** e usándose os elementos adecuados para as probas de **Roller Cross** que correspondan.

Ligazón da localización:

[Polideportivo A Carballeira "Secundino Basalo"](#)

2 NORMATIVA XERAL.

A normativa está especificada nas **Bases de Competición Freestyle 2025**, punto **11.5**, e aplicarase o **Regulamento de Freestyle vixente** e todos os comunicados, actualizacións ou indicacións da **FGP** ao respecto, a través do seu **CGF**. Todo o non previsto neste comunicado rexeráse conforme ao disposto nas diferentes normas da especialidade, así como polo **Regulamento Xeral de Competicións** e os **Estatutos da R.F.E.P.**

Na proba de **salto** utilizarase o formato con elección de altura recollido no apartado **9.6. do Regulamento Técnico de Inline Freestyle 2024**. A altura inicial será indicada polo adestrador ou delegado do equipo tras a reunión de delegados.

Co fin de **axilizar a competición** e poder celebrar as 5 probas nun mesmo día, omitíranse as **tomas de tempos** nas probas que normalmente as teñen. Ao tratarse dunha competición por equipos, considérase máis importante **evitar que se crucen compañeiros do mesmo equipo nas eliminatorias** que ordenar os patinadores por tempos individuais. Por este motivo, os **grupos de competición faranse mediante sorteo aleatorio** a través do novo sistema informático que está a desenvolver este Comité.

3 PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN

Serán requisitos indispensables para cada patinador/a:

- Ter **licenza autonómica vixente de Patinaxe Freestyle**.
- Estar **inscrito na plantilla do equipo** remitida a comitefreestyle@fgpatinaxe.gal, ou nalgunha outra actualización posterior da mesma.
- Inscribirse individualmente** na proba e nas modalidades correspondentes a través da **Intranet da FGP**, antes do **luns 20 de outubro de 2025 ás 23:59 h**.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Terceira Sede Liga Galega Freestyle 2025

4 INCOMPARECENCIAS

Todo patinador/a que, tras realizar a inscrición para a proba, desexe retirarse, deberá **comunicarlle ao CGF a súa baixa cun mínimo de 24 horas (1 día) de antelación** ao inicio da competición.

Se a baixa se comunica **dentro das 24 horas previas** ao inicio da proba, só será aceptada en **casos excepcionais**. Unha vez analizados os motivos e a documentación xustificativa achegada, se se considera que a baixa non está xustificada, trasladarase o caso ao **Comité de Disciplina**.

O equipo poderá **substituír o patinador de baixa por outro do mesmo club**, sempre que este figure na plantilla do equipo e **non se atopase inscrito na proba** en que se produce a baixa.

Neste caso concreto, tendo en conta que se trata dunha competición repartida en **2 tempadas escolares diferentes**, o Comité **aceptará excepcionalmente** que algún equipo poida ter dificultades para manter aos seus patinadores tras as vacacións de verán e desexe **darse de baixa da Liga**. Nese caso, deberá **enviar un escrito confirmando a baixa**. No resultado conservaranse os puntos das xornadas anteriores e computarase **0 puntos nas seguintes**. De non recibirse comunicación oficial dentro do prazo previsto, trasladarase tamén o caso ao **Comité de Disciplina**.

Neste punto informamos que se realizou en tempo e forma a **baixa do equipo Rollones (categoría absoluta)**.

5 PROGRAMA DE COMPETICIÓN ORIENTATIVO

SÁBADO, 20 DE OUTUBRO

- Reunión de delegados
- Roller Cross (Sub 15 - Absoluta)
- Speed Por Equipos (Sub 15 - Absoluta)
- Salto (Sub 15 - Absoluta)
- Fin da xornada.

Dado que aínda non se coñece o número total de patinadores de cada equipo, o programa definitivo da competición publicárase tras o peche de inscricións na intranet.

A Coruña, 13 de outubro de 2025



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle